

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 13, 16-20

Despois que Xesús lles lavou os pés ós discípulos, díxolles:

– «Con toda verdade volo aseguro: o servo non é meirande có seu Señor, nin o mensaxeiro é meirande ca quen o mandou. Se sabedes estas cousas, seredes felices, con tal de que as cumprades.

Non o digo por todos vós: eu sei ben a quen escollín; pero para que se cumpra a Escritura: “O que come comigo o pan, levantou contra min o seu pé.” Dígovolo desde agora, antes de que suceda, para que cando suceda, creades que eu son.

Con toda verdade volo aseguro: quen acolla a aquel que eu mande, acólleme a min; e quen me acolle a min, acolle a quen me mandou.»